



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAXE

Exposición pública do padrón de contribuíntes do servizo de abastecemento de auga, 2º trimestre de 2025

ANUNCIO PARA EL BOP

Por Decreto da Alcaldía Nº 415/2025 de data 12/06/2025, aprobouse o padrón de contribuíntes polas tarifas pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e pola conservación de contadores e acometidas, así como polos canon de auga e de coeficiente de vertidos, correspondente ao 2º. trimestre de 2025, que importa as seguintes cantidades:

- por abastecemento de auga: 58.380,42 euros,
- por conservación de acometidas: 2.336,34 euros
- por conservación de contadores: 2.482,41 euros
- máis o IVE que importa 6.860,06 euros (1.022,00 euros cota 21% e 5.838,06 euros cota 10%)

Obtendo un resultado final de 70.059,23 euros máis o canon de auga por importe de 11.696,39 euros e de xestión de depuradoras por importe de 14.270,58 euros.

Por medio deste edicto expónse ao público o devandito padrón de contribuíntes polas tarifas pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e pola conservación de contadores e acometidas, así como polos canon de auga e de coeficiente de vertidos, correspondente ao 2º. trimestre de 2025 polo prazo do QUINCE días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da publicación do devandito anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O prazo de cobro en período voluntario será de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública.

Para o cobramento das facturas a empresa Viaqua S.A. seguirá o procedemento indicado no artigo 8.4 da ordenanza non tributaria número 7 das tarifas pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable do Concello de Laxe.

Así mesmo faise constar que o cobramento do canon da auga en período voluntario será unitario.

Transcorridos estes prazos iníciarase o período executivo e a débeda resultante esixírase polo procedemento de constrinximento, logo de devengar o recargo de prema, xuros de mora e, no seu caso, as custas que se produzan.

No que respecta ao canon da auga, a falta de pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente o contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poder ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a xunta superior de facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante padrón.

Contra as liquidacións aprobadas, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación do edicto no BOP contado dende o día seguinte ao da publicación do edicto no BOP

Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de 2 meses contado dende o día seguinte ao da notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta.

Laxe, 12 de xuño de 2025
O Alcalde
Francisco Charlín Oróns